

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



FACULTADE DE FILOLOXÍA

GRAO EN GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS

XULLO 2016

**O PROCESO DE CANONIZACIÓN DE MANUEL MARÍA A TRAVÉS DAS
ANTOLOXÍAS POÉTICAS (2004-2016): O IMPACTO DO DÍA DAS LETRAS
GALEGAS.**

ESTUDANTE: CRISTIAN PERNAS RUBAL

ORIENTADOR: ROBERTO SAMARTIM LÓPEZ-IGLÉSIAS

Índice

1. Resumo	2
2. Introducción	3
3. Estado da cuestión	11
4. Análise das antoloxías	18
4.1. Extracción de criterios canonizadores	22
4.2. Materiais canonizados	31
5. Conclusións	45
Bibliografía.....	48
Anexos	53

1. Resumo

O obxectivo deste traballo é o estudo do proceso de canonización de Manuel María (1929-2004) a través das antoloxías poéticas da súa obra redixidas entre o ano do seu falecemento e o ano 2016, en que lle foi dedicado o Día das Letras Galegas. Para iso, foi levantado o coñecemento existente sobre o obxecto de estudo, para despois abstraer e extraer os criterios de selección de materiais e de atribución de valor presentes no corpus definido e seleccionado previamente. Con base no método de lectura cercana analizamos as composicións poéticas a conformaren as antoloxías e tiramos conclusións sobre os criterios de selección presentes nelas e sobre os materiais poéticos que son promovidos polos grupos involucrados no proceso de canonización de Manuel María. As antoloxías analizadas reflectirán os intereses, as estratexias e as tomadas de posición de varios grupos do campo literario galego, a interviren, con obxectivos e métodos diferentes, no proceso de canonización de Manuel María durante o período acoutado.

2. Introducción

O proceso de recepción, crítica e canonización de Manuel María (1929-2004) e da súa obra no sistema literario galego (SLG) comezou xa por volta dos anos 50, cando o poeta chairego publicou a primeira obra da posguerra escrita por un autor novo (Mato Fondo, 2014: 90), o poemario *Muiñeiro de Brétemas* (1950). Desde aquel momento até practicamente o día da súa morte no ano 2004, Manuel María dedicou a súa vida e a súa escrita á construción da identidade nacional galega e á defensa da súa lingua, ligadas inexorabelmente, na súa opinión, ás clases populares e traballadoras. O presente traballo foca o proceso de canonización do poeta desde o ano da súa morte, en 2004, até o ano 2016, en que a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras Galegas, a través dos materiais incluídos nas diferentes antoloxías poéticas cubertas. Con isto pretendemos responder cuestións relativas aos axentes implicados neste proceso, ben como os posíbeis obxectivos que puideren ter e de que maneira participan no SLG e na construción do canon literario galego.

Antes de máis nada, cómpre precisarmos as datas escollidas para acoutar o proceso de canonización de Manuel María. Embora o sector do nacionalismo galego lle veña recoñecendo o seu labor literario e de militancia a prol da normalización da lingua galega e da construción da identidade nacional do pobo galego xa desde as últimas décadas do século XX, non será até o ano do seu pasamento cando desde todos os espazos do sistema se lle comecen a dedicar un número significativo de obras importantes en exclusiva (biografías, repasos á súa obra, ensaios e teses de doutoramento etc.) e mesmo congresos. Canto á data de pechamento do corpus, correspóndese coa data do ano en que lle foi dedicado o Día das Letras Galegas, adoito considerado (aínda que non sen ser discutido por numerosos sectores) a maior consagración outorgábel a un escritor na nosa lingua e de que falaremos máis polo miúdo na parte da análise e do “Estado da cuestión”.

O corpus primario a analizarmos consiste, por tanto, en cinco antoloxías poéticas sobre a obra deste autor, que foron redixidas entre as datas de 2004 e 2016 con diferentes intencións e seguindo diferentes criterios: *Escolma de poemas de Manuel María* (2014), *Poemas escollidos* (2015), *A esencia máis nosa. Poemas sobre a lingua galega* (2015), *Antoloxía poética* (2016) e *Palabra viva de amor e afirmación* (2016). A partir da análise dos criterios de canonización a subxaceren nelas e nos materiais a que atribúen valor os axentes implicados, tentaremos establecer conclusións sobre o proceso de canonización póstuma de Manuel María, ben como achegarmos algunha conclusión sobre o funcionamento xeral do canon galego actual e dos grupos, produtos e repertorios que participan na súa elaboración. Os exemplares incorporados ao corpus foron procurados no catálogo Iacobus da Universidade de Santiago de Compostela e no catálogo Kmelot da Universidade da Coruña. Esta pesquisa complementouse coa busca en toda a Internet, de onde se obtiveron escasos resultados.

Ora ben, algunhas antoloxías foron desbotadas da nosa análise por teren unha natureza moi diferente do resto¹, en canto outros non foron contemplados por seren exemplares de acceso moi limitado ou ligados a acontecementos excepcionais. Do mesmo modo, cómpre tamén non desbotarmos por completo a posibilidade de algunha antoloxía ficar fóra da análise por non ser achada durante o proceso de pesquisa (levado a cabo nos meses de xaneiro, febreiro e marzo do presente ano), quer por non estar citada nos medios utilizados, quer por lapso noso. A escaseza de exemplares de antoloxías poéticas de Manuel María fóra do eixo 2015-2016, ligado ao pulo do Día das Letras Galegas, levounos a contemplarmos exemplares que doutro modo ficarían fóra da análise, como a edición dixital da *Escolma de poemas de Manuel María* realizada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo e ilustrada por estudantes dese mesmo centro. Agás ese caso, que achamos interesante

¹ Caso da antoloxía *Uxia canta a Manuel María*, consistente en 52 poemas (un para cada semana do ano) e acompañada dun CD con poemas do autor musicados e cantados nun concerto. Ao non podermos considerala un libro, esta obra fica fóra do noso corpus.

para contrastalo coas obras após o DLG, o resto do noso corpus foi escollido levando en conta criterios de formato (só libros), de exclusividade (antoloxías que abranxan só obra de Manuel María) e de lingua (só antoloxías en galego).

Pola súa banda, o marco teórico en que nos inseriremos para a nosa análise é nomeadamente o da crítica sistémica e baseada nos traballos de, entre outros, Itamar Even-Zohar (1979 e 1990), que tiveron unha grande continuidade ao longo das últimas décadas do século pasado e dos comezos deste. Achamos esta teoría moi axeitada para estudarmos un sistema literario como o galego, en constante proceso de se reafirmar e se normalizar ante o referente de oposición (Beramendi, 1991), e mesmo nalgunhas etapas -unha das cales contribuíu para inaugurar o propio Manuel María- por existir (vid. Torres Feijó, 2004). Por tanto, a postura que subxace neste traballo é de base sistémica; na procura dunha análise o máis obxectivable posíbel do canon literario galego, dos repertorios que nel se inclúan ou se exclúan e dos diferentes axentes que participan no proceso. Convén sinalarmos que o estudo do canon e do funcionamento dunha determinada literatura constitúe un síntoma de normalidade dese sistema, tal e como sinalan estudosos do canon como Walter Mignolo ao verificar “the great divide between ‘central’ cultures, which has developed an academic discourse about the canon, and “peripheral” cultures, for whom the canon is an element of cohesion but not of scholarly debate”. (Mignolo, 1991: 4).

En consecuencia, unha aproximación sistémica á canonización de Manuel María é beneficiosa para darnos máis outro paso no atinximento dun sistema literario normalizado, ben como para focarmos máis outro aspecto dun autor que recibiu unha considerábel atención da crítica literaria ao longo das décadas (como veremos máis adiante no “Estado da cuestión”). Manuel María, como poeta extraordinariamente prolífico e como axente central en certos sectores de importancia da crítica literaria galega (nomeadamente no nacionalismo de esquerdas, mais

non só), consideramos que ofrece a mellor oportunidade para tirarmos conclusións xerais sobre o funcionamento do SLG e o seu canon nas datas marcadas.

O SLG desde as décadas finais do século XX e nas iniciais do presente século difire moito do que observamos noutras etapas da nosa literatura, especialmente no Rexurdimento, onde poderíamos considerar que había un “proto-sistema” (Torres Feijó, 2004) excepcionalmente precario debido á falta de apoio institucional ou dun mercado editorial estábel. Na actualidade, embora fiquen aínda moitos ocos por seren enchidos, o noso sistema avanzou moito, con axentes editoriais centrais (nomeadamente Galaxia, ligada historicamente á Real Academia Galega) e co apoio institucional, aínda que limitado, que ofrece a Xunta de Galicia e mais as tres universidades galegas. Contamos agora cunha rede de editoras e un mercado establecido. Podemos considerar, entón, que o noso sistema literario conta con moitas características dun sistema normalizado, en canto continúa a manter outras moitas propias de sistemas en vías de se reafirmaren fronte a un referente de oposición -no noso caso o español- que ameaza a súa existencia e a normalidade do seu desenvolvemento. O feito de contarmos cunha liña de editoriais e un mercado editorial baseado no ensino, ben como con abondosa literatura de consumo infanto-xuvenil na nosa lingua, confírenos tamén a posibilidade de estudarmos o noso sistema literario no seu conxunto con relativa normalidade.

Entre as propostas presentadas no último cuartel do século XX, en que os estudos sistémicos e as análises do canon gañaron moito acollemento, cómpre salientarmos para a nosa análise a de Alaistar Fowler, que distingue seis tipos de canons: o canon potencial (“potential canon”), que abrangue a totalidade dos textos escritos dentro dun sistema literario; o canon accesíbel (“accessible canon”), que se correspondería coas obras que están dispoñíbeis nun determinado momento; os canons selectivos (“selective canon”), que son as diferentes listaxes de nomes de autoras e autores e mais das súas obras; o canon persoal (“personal canon”), que se corresponderían cos gustos persoais dun determinado axente ou lector; o canon crítico

(“critical canon”), constituído por aquelas obras que reciben máis traballos e atención crítica ao longo do tempo; e, por último, o canon oficial (“official canon”), establecido por medio da educación, o xornalismo ou o padroádego e que, inevitabelmente, repercutirá na construción de todos os anteriores (Fowler, 1979: 97-99).

Pola propia natureza crítica deste traballo e do corpus a empregarmos trataremos nomeadamente o canon selectivo (indisociábel da elaboración de antoloxías), o canon crítico (nomeadamente ao analizarmos o tratamento da obra de Manuel María no período que nos atinxe) e o canon persoal, ocupado polo criterio “subxectivo” dos antoloxizadores que explicaremos nos parágrafos seguintes. Porén, non nos esqueceremos do canon oficial, de grande relevancia para a literatura galega desde o Estatuto de Autonomía de 1981 e a institucionalización do ensino da literatura galega. Con todo, cómpre sinalarmos que xa se viña establecendo un canon galego co auxe da editorial Galaxia como axente do SLG nos coa celebración do Día das Letras Galegas a partir de 1963.

A este sentido, as antoloxías poéticas son un produto privilexiado para avaliarmos o proceso de canonización. Para alén de ofrecernos informacións cuantitativas sobre os materiais seleccionados e os non incluídos, veñen decote acompañados do que María do Cebreiro Rábade e Iria Sobrino denominan “paratextos epistémicos” (Cebreiro, 2003: 61) en que o antoloxizador expón, de xeito explícito ou implícito, os criterios canonizadores que utiliza para a súa selección, ben como as razóns que o levaron a ela e todos os factores que arrodean a actividade antoloxizadora. Disto falaremos polo miúdo na sección dedicada á análise das antoloxías. Porén, si cómpre voltarmos a subliñar a importancia e a vixencia ao longo do tempo das antoloxías como fornecedoras de diferente información sobre os sistema literarios en que se insiren, como sinala Wendell V. Harris (Harris, 1998: 46) cando analiza o canon anglosaxón:

La comparación de antologías –actualmente un pasatiempo muy popular entre los académicos- proporciona mucha y variada información. (...) Después de la primeira mitad del siglo XIX la consideración básica es mantener una tradición formal y conservadora; a esto le sigue la necesidad de minar los valores aristocráticos [*gentee*] y, actualmente, el reto más importante lo constituyen las preocupaciones feministas, étnicas y políticas (especialmente marxistas).

No tocante ao noso sistema literario, a súa importancia e produtividade para o campo dos estudos literarios non é menor, de acordo con González-Millán (1999: 135):

A relevancia da forma antolóxica na conformación e institucionalización da literatura galega é historicamente incuestionable. Así, os momentos inaugurais (o ‘áureo’ período medieval) quedaron recollidos e encadrados antoloxicamente para a posterioridade nunha serie de cancioneros; en canto ó denominado “Rexurdimento” decimonónico, non sería difícil defender como un dos textos fundacionais do renacer cultural galego o “Mosaico poético” preparado por A. De la Iglesia para o *Álbum de la Caridad* (1862).

Do mesmo modo, Rábade e Sobrino salientan o papel das antoloxías como métodos de intervención no sistema, quer con vontade “de conservación das *formas dominantes*”, quer con vontade de “instauración de *formas emerxentes*”; estas autoras sinalan, alén diso, a capacidade do estudo das antoloxías para “contribuír a iluminar os procesos a través dos cales unha cultura se autodefine e intervén sobre o seu propio desenvolvemento” (2003: 60). Con efecto, a antoloxía poética tivo un papel central nunha literatura historicamente dependente da lírica como a nosa (González-Millán, 1999: 142). De aí que o coñecemento literario se mantivese adoito por medio de antoloxías moi coñecidas en períodos de relativo défice, como se deduce do feito de o propio Manuel María ser introducido na literatura galega por medio das antoloxías de Carre Aldao e Álvaro de las Casas que lían os sábados pola tarde na súa escola de Rábade (Queixas, 2016: 26). En troques, o estudo sistémico das antoloxías tivo

pouca presenza na nosa crítica literaria, como tamén sinalan tanto Rábade e Sobrino (2003: 60) canto González-Millán (1999: 144). Xa que logo, non convén que os estudosos e estudosas da literatura galega ignoremos as posibilidades que a análise das antoloxías pode fornecer.

Por tanto, como xa mencionamos este traballo inserirase no marco teórico dos estudos sistémicos, sen esquecermos a importancia da crítica nacionalista na atribución de valor a unha obra como a de Manuel María, cun forte compromiso co ideario deste grupo; alertamos tamén para a nosa propia posición como amantes da obra poética manuel-mariana e do seu labor político. Estas contradicións inherentes ao estudo do canon xa foran sinaladas por Mignolo en 1991. Este crítico arxentino da Universidade de Duke subliñaba a dupla natureza dos que analizamos o canon literario como “académicos” (*scholars*) e “crentes” (*believers*), ao sermos a un tempo estudosos do canon e mais axentes que contribúen para a súa formación, lexitimación e mudanza (Mignolo, 1991: 13). Por conseguinte, téndomos en conta a dificultade –ou directamente a imposibilidade- de separarmos esta dupla natureza, coliximos que o estudo do canon e da posición de Manuel María nel repercutirá forzosamente na propia canonización do poeta, xa que un estudo do seu proceso de canonización constitúe de seu un facto significativo do estatus central con que conta (ou que se pretende que conte) un autor dentro dun sistema literario concreto.

No tocante á estrutura do presente traballo, dedicaremos un capítulo ao “Estado da cuestión”, en que será analizado o coñecemento crítico sobre a obra de Manuel María no período acoutado; isto é, constituiremos o noso punto de partida a respecto do coñecemento existente sobre o obxecto de estudo proposto. No capítulo da “Análise das antoloxías” será realizado o corpo do traballo, cun estudo dos criterios de selección e canonización sobre as antoloxías de poemas de Manuel María que nos atinxen, ben como os paratextos epistémicos que as

puideren acompañar. Por último, expóranse as conclusións a que chegamos ao rematarmos coa análise, partíndomos do coñecemento xa existente con anterioridade.

3. Estado da cuestión

Estamos actualmente, co gallo de lle ser dedicado o Día das Letras Galegas, nun período cunha produción voluminosa sobre a obra de Manuel María, ben como con reedicións dalgunhas das obras máis valoradas do autor chairego, a publicación de antoloxías (como a maioría das que analizaremos neste traballo) e mesmo a publicación de obras do autor que até daquela ficaran inéditas. Por tanto, as datas acoutadas (ano da morte do poeta e ano de adxudicación do Día das Letras Galegas) concentrarán unha parte moi importante da bibliografía secundaria sobre este axente. A elaboración de produción sobre un autor ou a súa obra será o principal mecanismo da canonización crítica de que falamos na sección anterior e un dos modos máis efectivos de atribución de valor no SLG. Neste capítulo, logo, sinalaremos algúns dos principais criterios de canonización da obra manuelmariana a seren salientados polos distintos axentes que conforman a crítica literaria galega durante o período 2004-2016, moitos dos cales identificaremos de novo e analizaremos no capítulo dedicado ás antoloxías.

O proceso de canonización de Manuel María intensificouse considerabelmente após o pasamento do poeta en setembro de 2004, nomeadamente nos meses inmediatamente posteriores. Polo xeral, os traballos a el dedicados durante estas datas (finais de 2004 e 2005) deben ser entendidas, pois, como unha homenaxe á totalidade da súa obra literaria e a prol da lingua e da conciencia nacional galega (García Negro e Pardo Amado, 2009: 9). Tende a se subliñar, entón, o sentido da obra de Manuel María no seu conxunto; decote estas análises teñen tamén un compoñente elexíaco e mesmo de afecto persoal, ao ser o autor chairego unha persoa achegada a unha grande parte do sector nacionalista da crítica literaria galega. Durante estas datas e con este fin son publicados numerosos artigos en xornais e revistas de todo o país, cuxo alto número e dispoñibilidade hoxe fai moi limitado o seu acceso completo. Sirva de exemplo un fragmento publicado en *La Voz de Galicia* e reproducido por Mato Fondo, en

que o tamén poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, coincidente con el en vontade nacionalista, define a súa obra: “A obra poética de Manuel María é no seu conxunto unha perfecta proba material do enraizamento do poeta na arte da palabra entendida como forma de expresión vital, como vehículo inmediato e necesario -en ocasións urxente- de comunicación” (Mato Fondo, 2011: 15).

A este período inicial do noso cadro temporal corresponden, tamén, obras de maior amplitude, nalgunhas ocasións cunha natureza máis filolóxica e cun público máis restrito. Moitas delas foron publicadas en chave biográfica por autores moi achegados ao propio Manuel María, como é o caso da obra *O tempo vital de Manuel María: unha crónica sociolingüística de Galiza baixo o franquismo e na restauración democrática* de Camilo Gómez Torres (que xa dedicara con anterioridade produción importante ao autor), publicada en 2005 por A Nosa Terra. Foi redixido, do mesmo modo, abondoso material audiovisual sobre o autor chairego ou sobre a súa obra, entre o que cómpre destacarmos a *Fotobriografía sonora* publicada por Ouvirmos en 2005 ou as gravacións musicadas de poemas do autor en *Manuel María [Grabación sonora]: a palabra estremecida e alertada*, da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) nese mesmo ano.

Tamén esta organización colaborou coa Universidade da Coruña (UDC), a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) e mais coa Confederación Intersindical Galega-Ensino (CIG-E) no que se cadra é o proxecto de canonización de Manuel María máis ambicioso e significativo cuantitativa e cualitativamente: o congreso *Manuel María: literatura e nación*, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña os días 3, 4 e 5 de novembro de 2005 e que reuniu algúns dos axentes máis activos da literatura galega do momento, incluíndo profesores dos departamentos de galego das tres universidades galegas, altos cargos das organizacións culturais e políticas participantes e mesmo algúns dos poetas máis consagrados na altura do SLG, ben como

persoas do entorno do propio autor. As actas deste congreso serían publicadas posteriormente en 2009 polo Servizo de Publicacións da UDC e mais pola AS-PG.

Cómpre, por tanto, dedicármolle unhas liñas a este acto en torno á figura do poeta. O principal obxectivo deste congreso era, en palabras dos editores das actas María Pilar García Negro e Diego Pardo Amado, “aproveitar a conmemoración non só como acto de memoria e de xustiza para quen tanto e tan ben significou a Galiza –na literatura e na cultura toda-, senón tamén como oportunidade para aproximármonos á variedade e densidade da súa obra poliédrica e inmensa” (García Negro e Pardo Amado, 2009: 9). Con todo, o que máis saíu reforzado deste congreso foi a imaxe de Manuel María como “poeta nacional”, reflectida no propio título do congreso e subliñada adoito polo sector nacionalista da crítica literaria galega. Esta vontade de homenaxear Manuel María e de lle pór esta etiqueta xa é sinalada por Xoán Costas Casas, presidente da AS-PG na altura, no “Discurso de abertura do Congreso”:

Queremos demostrar a nosa admiración, o noso respecto para un home no que vida e obra están fundidas ao servizo da nación a que pertence. Mais tamén homenaxe como formula pola que declaramos o noso compromiso como galegos e galegas con todos aqueles valores presentes na súa obra que nos reivindicán e nos identifican como pobo. (*Actas*, 2009: 12)

Convén salientarmos a importancia capital de lle outorgar a alguén este título nun país en que conciencia nacional e literatura foron historicamente inseparábeis e indisolúbeis . Xa que logo, fica claro con estes exemplos o lugar primordial que -polo menos- un grande sector dos axentes do SLG pretende a Manuel María no canon galego e o valor que lle atribúen.

Inserimos, polo xeral, a crítica deste sector do SLG ao que o propio autor chairego pertencía no que Gonzalez Millán denominou “nacionalismo literario” (González-Millán, 1994), e que outros autores como Roberto Samartín chaman “criterio identitario” de canonización (Samartín, 2010: 90). Este criterio é alegado por unha parte da crítica para atribuír unha

posición de relativa centralidade no canon literario galego a aquelas obras e autores que reflectan unha maior consciencia da necesidade de defensa de Galiza como unha nación de seu, reservándolle un espazo marxinal ou lateral a aquelas outras en que a consciencia nacional non for un trazo central. Por tanto, se nos cinximos a este criterio, a Manuel María corresponderíalle un lugar privilexiado no noso sistema literario. Francisco Rodríguez, histórico dirixente nacionalista e un dos máis representativos defensores do criterio identitario², sustenta que: “*é literatura galega a que está feita en galego e responde á consciencia de Galiza como realidade cultural autónoma, diferenciada*. O uso da lingua aparece, pois, como unha condición necesaria, malia poida non ser suficiente, para focalizar a realidade propia, desde dentro dela”³ (Rodríguez, 1996: 9).

No congreso *Manuel María: literatura e nación* este crítico literario cognomina, máis unha vez, Manuel María como o “grande poeta da nación” (Rodríguez, 2009: 24). Do mesmo xeito, as obras publicadas co gallo do Día das Letras tamén adoitan recoñecerlle o seu contributo central para a literatura nacional; velaí o “Limiar” de Xohán Cabana á reedición das *Conversas con Manuel María* de 2016, en que o poeta subliña o seu papel “no centro da historia literaria, posto que foi un dos grandes obreiros na construción da literatura nacional” (Xohán Cabana, 2016: 5).

No entanto, a denominación de “poeta nacional”, embora posibelmente o máis significativo, non é o único trazo da obra de Manuel María que costuma salientar o sector da crítica nacionalista de que el fixo parte durante a súa vida. Outra tendencia moi habitual nos anos que nos atinxen é a de o identificar co percurso literario de Galiza de posguerra até o mesmo século XXI, levando en conta non só o feito de o seu poemario *Muiñeiro de brétemas* (1950) contribuír para inaugurala, senón tamén a actividade de Manuel María a prol doutros

² Que el denomina “criterio histórico-político interno” (Rodríguez, 1996).

³ Itálica presente no orixinal.

produtores literarios por medio de conferencias, prólogos, apoio editorial etc. Deste modo, Manuel María actuaría como unha especie de axente de referencia tanto para os poetas social-realistas da súa franxa etárea, canto para os novos a comezaren a publicar durante os anos 60. Observamos, xa que logo, unha tendencia a metonimizar o SLG de após 1950 en Manuel María herdada xa desde os anos 90, cando no manual de *Historia da literatura galega* (1996) da AS-PG e de A Nosa Terra, Camilo Gomez Torres foca, no seu ensaio “Manuel María e o seu tempo”, o panorama xeral da nosa literatura da segunda metade do século a través do percurso vital e literario do poeta chairego (Gomez Torres, 1996: 1218). Do mesmo modo, no xa mencionado congreso da UDC novamente Francisco Rodriguez fará esta identificación do poeta co devir do SLG:

Se vos collerdes o grande corpus poético de Manuel María, que abranxe desde 1950 até o ano 2004, observaredes que é inexplicábel sen termos en conta o que foi a transformación do país na etapa do franquismo (...) E a evolución poética de Manuel María é inseparábel precisamente destes cambios cualitativos. (Rodríguez, 2009: 24)

Esta característica será tamén sinalada por Mato Fondo na súa obra *Señardade da luz (a obra poética de Manuel María)*, redixida en 2011 e publicada pola coruñesa Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, moi achegada á figura do poeta: “Outro aspecto interesante é a relación entre a súa propia obra e a historia da poesía galega, unhas veces inaugurando discursos e ciclos, outras recreando magnificamente tendencias que comezaban a se manifestar” (Mato Fondo, 2011: 12). Este criterio baseado no recoñecemento do percurso vital e literario de Manuel María como representativo da historia da literatura galega da segunda metade do século XX está intimamente ligada á etiqueta de poeta nacional e, aliás, non posúe menos potencial canonizador dentro do SLG do que aqueloutra.

A obra de Mato Fondo que citamos no parágrafo anterior serve para introducirmos máis outro trazo do poeta chairego sinalado adoito na etapa que nos atinxe: a loita contra os prexuízos e os reducionismos sobre a obra do autor, foren estes tendentes á popularización ou á identificación do poeta unicamente con repertorios social-realistas. Deste modo, o escritor e crítico de Ponteceso defende que realizou a súa análise da obra manuelmariana “procurando afastármolos convenientemente dos tópicos cos que a miúdo se deu en explicala, como o seu exclusivo carácter labrego ou certa valoración etnográfica (...), a súa visión como caso illado, sen relación co contexto literario galego, ou a consideración case exclusivamente política e de compromiso social” (Mato Fondo, 2011: 12).

Atopámonos por tanto cun criterio seguido críticos moitos críticos, a salientaren a complexidade da abranxente e “poliédrica” (facéndonos noso o adxectivo empregado por Pilar García Negro na “Nota Inicial” das *Actas do Congreso ‘Manuel María: literatura e nación’*) obra de Manuel María, que estará tamén omnipresente nos paratextos que acompañan as antoloxías publicadas no eixo 2015-2016, tal e como veremos no capítulo correspondente. Na realidade, todos estes criterios de canonización que viñemos mencionando nos parágrafos precedentes voltarán a aparecer tamén entre a crítica cando se lle dedique o Día das Letras en 2016.

En suma, contemplamos ao longo deste capítulo varios trazos da obra manuelmariana a seren resaltados ao longo do período acoutado, nomeadamente polo sector da crítica nacionalista. Estes trazos, que se empregan como criterios canonizadores do autor e da súa obra, concretarémolos en tres: o criterio identitario, segundo o cal se lle atribúe valor á obra do autor por contribuír para a construción nacional da Galiza; o criterio abranxente, segundo o cal a produción poética do autor posúe variedade temática; e o criterio a se basear no feito de o percurso da súa vida e obra literaria representar a totalidade do SLG da segunda metade do século pasado. Cómpre levarmos en conta estes criterios, especialmente os dous primeiros,

para as seleccións de materiais das antoloxías, proceso en que, como veremos, contarán cunha considerábel importancia.

4. Análise das antoloxías

Nesta sección do noso traballo realizaremos a presentación e o estudo das antoloxías que forman o noso corpus, focando a imaxe que favorecen de Manuel María e os criterios que empregan para a súa escolma, estiveren explicitados pola persoa encargada da escolma ou non. Tal e como veremos, moitos destes criterios de selección coincidirán cos criterios de canonización que vimos no “Estado da cuestión”, ao ser as antoloxías un mecanismo central de canonización de autores ou de materiais. Con todo, é tamén significativa a carga canonizadora contida no proceso de redacción dunha antoloxía dun autor, nomeadamente se esta for acompañada por paratextos que enxalcen a súa obra ou traxectoria vital, como é o caso dalgunha das antoloxías que aquí nos atinxen. Dividiremos a nosa análise en dous puntos, intitulados “Extracción de criterios canonizadores” e “Materiais canonizados”. En canto naquela poremos unha ollada directa nas antoloxías, describindo a información explícita que as súas características e os seus paratextos puideren fornecer, nesta achegaremos datos cuantificábeis baseados nos poemas que se inclúen nas distintas antoloxías que conforman o corpus. A información cuantitativa será contrastada cos resultados iniciais que obtivemos da análise cualitativa, e ambas as focaxes analíticas valerannos, esperamos, para tirarmos distintas conclusións sobre a súa función e funcionamento no proceso de canonización de Manuel María.

Porén, primeiro cómpre subliñarmos, antes de entrarmos na análise ao pormenor dos textos, o carácter intrinsecamente canonizador da actividade antolóxica, tal e como viñemos mencionando e como subliña a escritora e crítica americana Barbara Mujica:

The very format of an anthology prompts canon formation, for while a miscellany invites short, disconnected readings, an anthology invites prolonged study. Anthologies convey the notion of evolution (the succession of literary movements) and hierarchy (the recognition of

masterpieces). They create and reform canons, establish literary reputations, and help institutionalize the national culture, which they reflect. (Mujica, 1997: 203)

Esta crítica salienta do mesmo modo o duplo carácter das antoloxías que, para alén de serviren para intervir directa e conscientemente no canon, tamén fornecen información útil para estudarmos, a posteriori, as mudanzas que o propio canon puido experimentar, ao seren estas en ocasións un instrumento de selección inconsciente que responde a necesidades mercantís ou pedagóxicas (Mujica, 1997: 206).

No tocante ao caso particular do SLG, intervirán outros factores para alén destas necesidades, entre os que cómpre destacarmos a vontade de construción dunha literatura nacional que tamén mencionou Mujica. Os criterios que subxacen no canon galego, algúns dos cales xa foran detectados no “Estado da cuestión” ao analizarmos a bibliografía secundaria sobre Manuel María, foron estudados polo miúdo por Samartim (2009). Este autor expón tres normas valorativas diferentes alegadas pola crítica para focar o estudo do SLG: o criterio filolóxico (84), o criterio identitario (89) e o criterio sistémico (92). A estes habería aínda que lle engadir o criterio estético (Samartim, 2010: 108), sustentado internacionalmente aínda hoxe por críticos literarios como Harold Bloom (Bloom, 1994: 15-41), mais de escasa presenza no SLG. Interésannos nomeadamente os dous últimos, sendo o criterio sistémico o empregado neste traballo (como criterio analítico) e o criterio identitario o maioritariamente utilizado, como mencionamos no “Estado da cuestión”, para as distintas focaxes que se fixeron da obra de Manuel María durante o período acoutado. Cómpre salientarmos ademais, como xa sinalaran Rábade e Sobrino (2003: 62), a vixencia do criterio identitario e da funcionalidade nacionalitaria na redacción de moitas antoloxías na Galiza no século XXI. Pola súa parte, o criterio filolóxico, nin sempre aplicábel retrospectivamente a períodos cun sistema literario moi fraco, non será operativo no caso da produción case totalmente monolingüe (Freixeiro, 2009: 163) de Manuel María.

Teremos que lle sumar aínda o criterio mercantil, de especial relevancia para as obras antolóxicas, como produtos de mercado pensados adoito para un público máis ou menos amplo e non especializado (como pode ser algunha das obras de bibliografía secundaria que comentamos, por pormos algún exemplo). A este respecto podemos diferenciar entre “grande produción” e “produción restrita”, seguíndomos a Bourdieu (1993), categorías en que será útil encadrarmos as nosas antoloxías. Mujica tamén sinalou a centralidade deste criterio á hora de caracterizar as antoloxías:

Editors of anthologies must take into account that such books are designed to be marketable and profitable for the companies that publish them. Because high production costs reduce profit margins, publishers engage in extensive market research to determine the length and contents of a book, and impose restrictions with regard to the amounts that can be spent on permissions, illustrations, even paper. (Mujica, 1997: 207)

Por tanto, cómpre tamén contemplarmos o mercado como máis un elemento a termos en conta na nosa análise, pois a necesidade de rendibilidade económica pode obrigar o antoloxizador a mudar certas características ou mesmo condicionar os repertorios a cubrir. Isto é especialmente relevante nas antoloxías situadas no eixo 2015-2016, algunhas das cales, como veremos, apuntan para o mercado alargado do ensino secundario. Alíás, algunhas das antoloxías a comentarmos forzosamente terán de partillar o mesmo público albo (nomeadamente *Poemas escollidos* e máis a *Antoloxía poética* de Galaxia), sendo, logo, produtos a competiren en número de vendas nun mercado reducido.

Con todo, o criterio mercantil será secundario, mesmo ao estudarmos obras antolóxicas, no caso dun sistema literario como o galego, en que a loita pola posición no canon de diferentes produtores e repertorios foi, en certas etapas, máis relevante para algúns sectores (os seguidores do criterio identitario) do que o suceso económico (vid. González-Millán, 1999:

144). Por conseguinte, interéсанos ben máis para a nosa análise a intervención destas antoloxías no canon galego xeral do que o público obxectivo ou o campo de consumo en que se inseriren. Alén diso, a identificación do público albo adoita ser moi difícil de precisar nas antoloxías en que este non estiver explicitado. Por isto o criterio mercantil será acompañado neste traballo soamente se for imprescindible para explicarmos algunha característica das antoloxías.

No tocante á intervención do antoloxizador no propio proceso de escolma dos poemas, atopámonos tamén con diferentes posturas posíbeis. Rábade e Sobrino (2003: 63-64) distinguen varias tipos de focaxes da cuestión da intervención do antoloxizador, que se adoitan reflectir nos limiares das obras e que se moven desde a procura de lle conceder neutralidade e obxectividade ao proceso até o recoñecemento dun criterio persoal absolutamente subxectivo. Estas estratexias aparecerán forzosamente na nosa análise cualitativa das antoloxías, ao estaren na cerna dos repertorios poéticos escollidos ou desbotados delas. Tamén sinalan estas autoras outros criterios de selección a interviren no proceso de escolma, como o espazo dispoñíbel, xa mencionado por Mujica (1997: 207), que explicaría a ausencia de algúns poemas de que o antoloxizador gustaría de incluír. Estas admisións de criterios por parte do antoloxizador foron denominadas por Rábade e Sobrino “estratexias de disimulo”, que serven para “ocultar a finalidade do discurso” e “para lexitimar a argumentación” (2003: 62). A continxencia de puntualizar a necesidade da propia obra ou a súa contribución para o sistema literario serán tamén criterios a termos en consideración para a análise descritiva das antoloxías e dos paratextos que as complementan.

4.1. Extracción de criterios canonizadores

O método que seguiremos neste apartado será nomeadamente descritivo. Deste xeito, focaremos esta parte da análise nos limiares que acompañen as escolmas poéticas, a cuxas afirmacións, apoiándonos nas aseveracións de Rábade e Sobrino, tenderemos a dar moita importancia, sempre e cando sexan útiles para botarmos luz sobre o seu papel no proceso de canonización de Manuel María. Outros paratextos que puideren incluír (biografías sobre o autor, ensaios etc.) serán do mesmo modo levados en conta, ao serviren para tirarmos a intención xeral da antoloxía e os obxectivos que esta pretende.

A seguir comezaremos coa descrición e a análise cualitativa das antoloxías que conforman o noso corpus. Cómpre precisarmos antes de máis nada ausencia de produtos antolóxicos antes do ano 2014, dez anos após o pasamento de Manuel María. Con todo, mantemos a data de 2004 como a inicial do noso estudo de caso, por ser dabondo significativa e porque si achamos abundosa produción crítica sobre a obra poética do autor. Dito isto, comezaremos por razóns cronolóxicas pola *Escolma de poemas de Manuel María* (2014), redixida polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIO Ponte dos Brozos e ilustrada por alumnos e alumnas de ensino primario dese centro. Está dispoñíbel en formato electrónico de libre acceso.

Á diferenza do resto de antoloxías do noso corpus, encadraremos esta como máis unha homenaxe ao poeta chairego por mor do seu pasamento, ao explicitar o conciso prólogo (soamente un parágrafo) que a escolma foi feita “con motivo do 10º cabodano da morte do poeta” (*Escolma*, 2014: 3). En ausencia de calquera outro paratexto que nos poida valer para tirarmos datos do publico albo, dos criterios de escolma etc., concluiremos que nos atopamos fronte a unha antoloxía de carácter explicitamente homenaxeador, co duplo propósito de probar o compromiso do EDLG do instituto de Arteixo co poeta e mais de lles introducir aos

estudantes a obra de Manuel María. É esta segunda característica a posuidora dun forte potencial canonizador, ao ser o ensino medio un aparato capaz de establecer e lexitimar o canon por medio dunha selección de produtores ensinados e outros refugados (Kermode, 1998). Ao dar a Manuel María unha posición central no ensino da materia de Lingua e literatura galega, forzosamente se estará a contribuír para a mellora da súa posición dentro do canon. Por conseguinte, esta antoloxía serve para demostrarmos o avance da posición de Manuel María no canon literario galego xa antes de lle ser dedicado o Día das Letras Galegas no presente ano.

Máis datos útiles para a nosa análise fornece, pola súa banda, a antoloxía de 2015 *Poemas Escollidos* (2015), a primeira antoloxía manuelmariana de que tivemos noticia após a comunicación oficial da súa escolla como autor homenaxeado no Día das Letras de 2016. Por conseguinte, a súa publicación ten de ser entendida no contexto da antedita homenaxe. Foi redixida pola Fundación Manuel María de Estudos Galegos e escolmada por Manuel López Foxo, xornalista e axente do nacionalismo de esquerdas que tamén asina un breve limiar intitulado “A poesía de Manuel María: o país, sempre o país, e tamén unha viaxe cara a dentro”. Como unha figura achegada ao autor, a que xa lle dedicou produción con anterioridade, este é un axente moi implicado na canonización de Manuel María. A editora encargada da súa publicación, a Fundación Manuel María de Estudos Galegos, tamén é, obviamente, máis un axente a participar activamente na canonización do autor, a que denomina “poeta nacional de Galiza” (Casamuseomanuelmaria.gal, 2016) na biografía do poeta que hai dispoñíbel na súa páxina web. O criterio identitario para o que apuntamos no “Estado da cuestión” subxace, xa que logo, na selección de poemas desta antoloxía.

No tocante aos criterios empregados para a selección das composicións manuelmarianas, *Poemas escollidos* ten unha intención primeira claramente abranxente, explicitada no prólogo polo propio antoloxizador:

Nada nos alegraría tanto como que o Día das Letras Galegas de 2016 servise para redescubrir o poeta Manuel María en toda a súa dimensión creativa e humana, en todas as súas múltiples expresións poéticas. (...) E, por outra parte, tampouco axudou a termos unha visión de conxunto da súa obra considerar unha e outra vez Manuel María un poeta case exclusivamente comprometido coa poesía social e coa poesía política e patriótica, cando unha grande parte da súa creación poética é tamén unha viaxe cara a dentro. (López Foxo, 2015: 7)

Nesta cita está explicitado do mesmo modo, un dos obxectivos desta antoloxía da Fundación Manuel María que xa comentamos no Estado da cuestión, o da loita contra os “prexuízos ideolóxicos” e as “olladas reducionistas” sobre a obra manuelmariana, en palabras do propio López Foxo (2015: 8), quer considerándoa soamente social-realista e tirándolle o que ten de mérito estético, quer considerándoa popularizante. Este propósito terá de repercutir, como veremos na sección dos Materiais canonizados, nos repertorios poéticos favorecidos na escolma.

Aliás, cómpre tamén engadirmos a asunción por parte do escolmador do criterio de subxectividade que comentabamos nos parágrafos anteriores: “Naturalmente, como calquera antoloxía, é unha selección moi persoal. Só quixemos ofrecer algúns dos poemas que nós máis amamos de Manuel María” (López Foxo, 2015: 9). Trátase, logo, de máis outro mecanismo para atenuar a participación no proceso de selección. Embora poida parecer inocente, esta asunción da subxectividade tamén serve adoito para afastar o lector doutros posíbeis factores que puideren motivar a escolla, ficando coa idea de que o antoloxizador seleccionou simplemente aqueles poemas que son máis do seu gusto persoal. Por último, debemos tamén salienta a importancia da lexitimación na contracapa da propia antoloxía como produto necesario fronte a outras antoloxías similares, nunha parte do texto focada claramente cara ao consumidor potencial: “A primeira escolma que contempla o conxunto da

obra poética de Manuel María” (López Foxo, 2015: contracapa). O criterio abranxente está, neste caso, relacionado coa necesidade de calquera produto literario de xustificar a súa pertinencia no mercado.

A outra antoloxía editada pola Fundación Manuel María a contemplarmos neste traballo é *A esencia máis nosa. Poemas sobre a Lingua Galega*, tamén de 2015 e redixida no contexto do Día das Letras Galegas, embora non apareza directamente explicitado. Trátase dunha antoloxía especializada en que foron seleccionadas “practicamente todas as composicións deste autor en que a lingua galega é o tema central, mais tamén unha selección doutras en que, dalgunha forma, ten unha presenza destacada sen constituír o motivo principal” (Freixeiro, 2015: 47). Os paratextos que acompañan a antoloxía foron redixidos polo profesor da UDC Xosé Ramón Freixeiro Mato e consisten nun ensaio sobre a significación do idioma galego na obra de Manuel María e mais nunha sorte de prólogo intitulado “Criterios da presente escolma de poemas”. Este último texto será especialmente conveniente para tirarmos información referente ao papel da antoloxía na intervención no canon.

O carácter científico do ensaio lévanos a considerar esta antoloxía como a máis filolóxica das conformantes do noso corpus, procurando por tanto un público máis restrito do que as outras. Para este xuízo pola nosa parte contribúe tamén o feito de os criterios de edición das composicións incluídas estaren explicitados ao pormenor (Freixeiro, 2015: 48).

A significación de lle dedicar unha antoloxía enteira a un só tema dos moitos a faceren parte da produción poética de Manuel María é enorme, ao dar idea da variedade cuantitativa e cualitativa da súa produción. Así pois, refórzase a idea de Manuel María como “poeta nacional” comprometido con Galiza que viñemos sinalando durante o presente traballo. Unha posición central no canon para o sector do SLG que acredita en que o criterio identitario ocupa un lugar central. A este sector pertence, presumibelmente, o antoloxizador e autor dos

paratextos desta obra, cunha ampla produción sobre o galego e obras comprometidas coa súa normalización (vid. Freixeiro, 1997, 1998 ou 2009), ben como produción sobre a obra do propio Manuel María (Freixeiro, 2007). A carga canonizadora da parte da produción poética manuellmariana que abrangue esta antoloxía fica, pois, explicitada na “Introdución”, en que o antoloxizador denomina “composicións memorábeis” algúns poemas a prol da lingua do autor chairego e considera por iso Manuel María o “seu máximo versificador” (Freixeiro, 2015: 7).

Canto aos obxectivos desta antoloxía, están explicitados polo antoloxizador na “Introdución”: “Só resta desexar que a lectura dos poemas do autor que a seguir se escolman poida servir para fortalecermos a nosa conciencia lingüística e para darmos un novo pulo á revitalización do galego” (Freixeiro, 2015: 44). Este obxectivo último, partillado polo antoloxizador e mais polo poeta, está do mesmo xeito na cerna da produción literaria de practicamente todos aqueles autores e autoras cuxa centralidade no canon literaria galego actual é indiscutíbel (Rosalía de Castro, Curros Enriquez, Castelao etc.), ao seren axiña homenaxeados pola Real Academia Galega co DLG e estaren omnipresentes no campo do ensino.

A cuarta antoloxía da nosa análise é a *Antoloxía poética* de Galaxia (2016), escolmada por Amelia Outeiro Portela e mais Darío Xohán Cabana e cun limiar escrito por este. A antoloxía é obviamente encadrábel na festividade do Día das Letras, facendo parte da colección “Letras Galegas” da coñecida editora, que todos os anos dedica obras ao produtor ou produtora homenaxeado. Neste sentido, é inseparábel da obra *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María* (2016), coa que partilla colección e formato de edición (cor da capa e contracapa, deseño, fonte etc.). No tocante aos textos que acompañan a escolma de poemas, consisten nunha “Introdución” en que se expón unha análise xeral da obra do poeta, os criterios seguidos polos antoloxizadores e mais unha concisa bibliografía primaria e secundaria sobre Manuel María. O autor destes paratextos, Darío Xohán Cabana, está tamén

moi achegado ao nacionalismo de esquerdas e ao entorno persoal de Manuel María, sobre cuxa obra ademais ten produción crítica, nomeadamente o seu discurso de entrada na Real Academia Galega “De Manuel María a Ferrín, a grande xeración”, de 2006. Aliás, partilla con Manuel María orixe chairega, ben como un tratamento poético similar da paisaxe da súa comarca.

Cómpre diferenciarmos o ensaio incluído nesta antoloxía, focado na produción poética xeral do autor e encamiñado cara a un público amplo, daqueloutro de Freixeiro Mato en que se analizaba como se reflectía a lingua na poesía do autor. En canto o segundo se centra nun tema concreto, o primeiro realiza unha ollada global sobre a produción manuelmariana, axeitado para a propia natureza dunha antoloxía con carácter máis abranxente: “Esta antoloxía recolle unha mostra ampla da extensísima obra de Manuel María e da variedade dos seus temas e formas” (Cabana, 2016: contracapa). No entanto, ben máis interesante é para os obxectivos focados nesta epígrafe o paratexto intitulado “Esta antoloxía”, en que o co-antoloxizador dedica unhas páxinas a describir o proceso que arrodeou a elaboración da antoloxía, ben como os criterios de escolma e edición a seren empregados nela.

Máis unha vez, esta parte comeza coa asunción de subxectividade plena por parte dos antoloxizadores, a admitiren que “Esta antoloxía é o resultado dunha relectura de Manuel María por dúas persoas, Amelia Outeiro Portela e Darío Xohán Cabana, que foron facendo cada un a súa persoal escolla e finalmente a puxeron en común” (Cabana, 2016: 46). Para alén diso, recoñecen o feito de refugaren certas partes da produción poética do autor, nomeadamente a poesía infantil e a poesía do que denominan “liña localista –agás naturalmente do *Terra Chá*–” (46), supomos que pola súa posición canónica dentro das obras do autor e mesmo do canon galego en xeral. Alén diso, tamén recorren a outros mecanismos de obxectivización e “estratexias de disimulo” de que falan Rábade e Sobrino (2003: 62) para explicaren a ausencia, como veremos no punto 4.2, de produción encadrábel dentro de certos

repertorios; un exemplo é a alusión á falta de espazo editorial: “aconsellounola sobre todo a limitación das páxinas previstas para a escolma” (Cabana, 2016: 46). No tocante aos criterios de edición lingüística das composicións poéticas, atópase explicitado un bo número de mudanzas ortográficas realizadas nelas para as adaptar, cando for posíbel (mantéñense formas dialectais e coloquiais de uso habitual no poeta), á NOMIG 2003, seguindo os criterios que adoita empregar a editorial Galaxia.

Por fin, deixamos para o final por cuestións cronolóxicas (foi a última antoloxía de cuxa publicación tivemos noticia, xa durante o levantamento de bibliografía do presente traballo) a antoloxía *Manuel María. Palabra viva de amor e afirmación*, realizada por Mercedes Queixas Zas e pertencente á colección “Biblioteca Gallega” do xornal La Voz de Galicia. Trátase de máis outra antoloxía encadrábel no contexto do Día Das Letras Galegas. Esta antoloxía, do mesmo modo que a anterior de Galaxia, ten un carácter practicamente de tradición ao pertencer a unha colección que todos os anos incorpora obras de ou sobre o autor homenaxeado. Ora ben, a significación da obra publicada para a canonización do produtor homenaxeado non deixa de ser importante. O feito de a obra ser distribuída co xornal do día 17 de maio dá idea do seu foco no público alargado.

A escritora encargada de redixir esta antoloxía e a “Introdución” que a acompaña é Mercedes Queixas Zas, profesora de ensino secundario e secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que tamén participou no proceso de canonización de Manuel María coa xa mencionada *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María* (2016). Para alén deste paratexto e mais da propia escolma de poemas, o libro inclúe a peza teatral “Auto da costureira”, o que lle dá a esta antoloxía, na nosa opinión, un certo carácter de miscelánea. A introdución, dividida en once partes, traza o percurso vital e literario de Manuel María desde o seu nacemento até as homenaxes recibidas após o seu pasamento no ano 2004 . Este texto, cunha considerábel carga laudatoria cara ao poeta, salienta nomeadamente a súa vida

comprometida coa defensa de Galiza, a súa relación coa terra e coa paisaxe e mais a súa obra abranxente no cualitativo e no cuantitativo (Queixas, 2016: 48-49).

No tocante aos criterios e os obxectivos que a antoloxía puidese ter, non están explicitados, non habendo ningún texto nin fragmento en que estes se discutan ou mencionen. Por conseguinte, as conclusións ao respecto terán de ser tiradas directamente dos poemas incluídos no canto de nos remitirmos directamente á información fornecida pola antoloxizadora, como viñemos facendo con outras antoloxías.

En suma, os criterios identificados nos paratextos das antoloxías remítennos máis unha vez para aqueles que apuntamos no Estado da cuestión, nomeadamente para o criterio abranxente. Deste modo *Poemas Escollidos*, *Antoloxía poética* e *Palabra viva de amor e afirmación*, as tres escolmas a levaren explicitamente en conta a totalidade da obra do autor, empregan fundamentalmente este criterio, en canto en *A esencia máis nosa* salienta fundamentalmente o criterio identitario.

O principal característica xeral que cómpre subliñarmos do corpus antolóxico empregado é a súa significativa concentración no eixo 2015-2016. O Día das Letras Galegas, cunha importancia capital no actual SLG, adoita considerarse pola grande maioría de axentes como a maior honra outorgábel a un escritor en lingua galega e, xa que logo, o principal mecanismo de canonización póstuma de axentes do noso sistema. Esta efeméride lexitima a produtora ou produtor homenaxeado ao mesmo tempo que dispara a produción sobre el e favorece a súa promoción. Na realidade, esta celebración veu servindo do mesmo xeito nas últimas décadas como unha maneira de lexitimar a autoridade da Real Academia Galega no sistema, xa desde a súa creación o 17 de maio de 1963 (vid. Samartim, 2003); autoridade que non foi recoñecida por un sector importante do nacionalismo de esquerdas durante as décadas de 60 e 70 (e mesmo despois) do século XX. O propio Manuel María facía parte deste sector nacionalista, e

a súa opinión sobre as eivas da Academia nesta época fica clara (mesmo sen acudirnos á súa obra literaria) co seu rexeitamento formal a ingresar nela en 1968.

Produciríase un certo consenso entre o nacionalismo de esquerda e a Academia a comezos do noso século, reflectido no facto simbólico de Manuel María ingresar nesta en abril 2003 (a proposta de Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo Vázquez e Xosé Luís Méndez Ferrín, e tamén na incorporación dalgunhas demandas lingüísticas deste sector ás *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* no mesmo ano. O discurso con que o poeta chairego ingresou na Academia, intitulado *A Terra Chá: poesía e paisaxe*, focaba o tema da paisaxe na poesía do autor. Máis outro paso cara a esta avinza entre os sectores da oficialidade galega e mais os do nacionalismo de esquerdas deuse ao se lle dedicaren as Letras Galegas a Avilés de Taramancos, outro axente central do nacionalismo literario, nese mesmo ano de 2003. A atribución a Manuel María do galardón no presente ano de 2016, co recoñecemento que comporta, será o último episodio dese consenso entre sectores do SLG.

No período que nos atinxe, a importancia do Día das Letras Galegas continúa a ser central, conformando o canon da tradición (o homenaxeado ten de levar dez anos falecido) da literatura galega e afectando en grande medida as obras publicadas sobre o autor (vid. “Estado da cuestión”). Respecto disto, adoita producirse un efecto de “terra queimada” coa produción relacionada co produtor a que se lle dedican As Letras, recibindo unha grande cantidade de produción ligada á efeméride, ficando en troques ausente do sistema durante os anos seguintes (vid. Bello, 2011). Para valorarmos se este será o caso do poeta chairego cómpren estudos posteriores. Sexa como for, a posición central no canon galego (canto menos no oficial e no crítico) que garante o Día das Letras Galegas é dificilmente discutíbel. Por tanto, darémoslle moita importancia a esta cuestión ao analizarmos, a seguir, os materiais canonizados nas antoloxías do noso corpus.

4.2. Materiais canonizados

Nesta parte da nosa análise centrarémonos nos materiais temáticos favorecidos nas antoloxías, quer dicir, o número de poemas de cada tema de que tratou Manuel María incluído nas escolmas a analizarmos. Embora a intención orixinal fose realizar un tabela cos poemas de Manuel María que aparecen en cada unha das antoloxías, a magnitude dese traballo, ben como as diferentes naturezas das antoloxías que conforman o corpus, para a que xa apuntamos na sección anterior, leváronnos a reconsiderarmos esa idea. En troques, focaremos a análise nos diferentes repertorios apresentados en cada unha das antoloxías, coidándonos moi apropiada unha análise deste tipo para unha obra tan variada como a do poeta chairego. Incluímos os índices das antoloxías como un anexo do presente traballo, para seren consultados se for preciso.

Emporiso, acometeremos a nosa análise cuantitativa de todos os xeitos, admitíndomos o posíbel reduccionismo inherente á labor de clasificación temática de composicións poéticas. Ao longo das décadas a obra manuelmariana recibiu varias clasificacións deste tipo, algunhas baseadas soamente no eixo cronolóxico como a de Camilo Gómez Torres (1980), que obviamente non empregaremos por non abranxer toda a produción poética cuberta polas antoloxías. A proposta de Claudio Rodríguez Fer (Rodríguez Fer, 1989: 306-307), embora a consideremos interesante, foi desbotada polo mesmo motivo. Entre as clasificacións máis achegadas aos nosos días, a incluíren xa case toda a produción publicada polo poeta, cómpre mencionarmos a de Manuel López Foxo en catro eixos temáticos: “Desasosego”, “Apertura á paisaxe”, “Poesía de denuncia” e “Retorno á poesía amorosa” (López Foxo, 2010); ou tamén a de Darío Xohán Cabana (Cabana, 2016) en catro “xeiras” seguindo, máis unha vez, unha orde cronolóxica.

Emporiso, nós concordamos por completo coa catalogación proposta por Miguel Anxo Mato Fondo (2014) -non moi afastada da propugnada por López Foxo- en *Señardade da luz*, que clasifica os poemarios de Manuel María seguindo un criterio puramente temático. Coidamos que unha clasificación por repertorios temáticos, sen ter necesariamente a ver con etapas cronolóxicas, acae mellor á extensa produción poética manuelmariana e á natureza da nosa análise. Aliás, é unha clasificación que achamos moi similar á que referiu o propio Manuel María, entrevistado por Xosé Manuel del Caño en 1990, sobre as distintas épocas e repertorios cultivados ao longo da súa produción literaria (Del Caño, 2016: 122-137).

Así pois, Mato Fondo establece cinco “liñas temáticas e estéticas” -e unha outra que ten a ver co público albo- sobre o corpus poético do poeta chairego (Mato Fondo, 2011: 26-27): “Poesía da angustia”, conformada polas obras *Muiñeiro de Brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952), *Advento* (1954) e *Libro de pregos* (1962); “Transición cara ao social”, que abranguería tan só *Mar Maior* (1963); “Temática social e patriótica”, que abranguería *Documentos personaes* (1958), *Proba documental* (1968), *Versos pra cantar en feiras e romaxes* (1968), *Versos pra un país de minifundios* (1969), *Remol* (1970), *Canciós do lusco ó fusco* (1972), *Odes nun tempo de paz e ledicia* (1972), *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* (1973), *Aldraxe contra a xistra* (1973), *Laio e cramor pola Bretaña* (1976), *Cantos rodados pra aliados e colonizados* (1976), *Poemas pra construír unha patria* (1976), *Cataventos de neutrós domesticados* (1979) e *Saturno* (1989); “Temática da paisaxe (as paisaxes iluminadas)⁴”, en que insire as obras *Terra Chá* (1954), *A lus resucitada* (1984), *Versos do lume e do vagalume* (1982), *Ritual pra unha tribo capital de Concello* (1986), *Sonetos ao val de Quiroga* (1987), *Cancioneiro de Monforte de Lemos* (1990), *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (1993), *Sonetos á casa de Hortas* (1997), *Escolma de poetas de Outeiro*

⁴ Cómpre precisarmos que esta temática da paisaxe, lonxe de se limitar ao descritivo, abrangue moitos outros aspectos (a infancia, a familia etc.) Aliás, para a poética de Manuel María o elemento humano, o espacial e o nacional eran decote indisolúbeis.

de Rei (1982) e *O Miño, canle de luz e néboa* (1996); “Poesía esencialmente intimista”, unha liña que Mato Fondo describe como “dunha notábel variedade temática” a incluír as obras *Poemas ó outono* (1977), *Poemas da labarada estremecida* (1981), *O camiño é unha nostalxia* (1985), *Oráculos pra cavaliños do demo* (1987), *As lúcidas luas do Outono* (1988), *Compendio de orballos e incertezas* (1991) e *A primavera de Venus* (1993). Por fin, a estes engade o autor as dúas obras encadrábeis dentro da poesía infantil: *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceive* (1979).

Xa que logo, inseriremos a nosa análise dos repertorios favorecidos nas antoloxías nesta clasificación, focando nomeadamente a oposición entre o potencial canonizador (o valor xeral atriuído no campo literario) duns repertorios sociais e patrióticos e mais doutros repertorios intimistas ou ligados á paisaxe. Ora ben, cómpre precisarmos a dificultade de establecer unha clasificación de repertorios fechada e definitiva, ao se atoparen estes misturados ao longo dos máis de 50 anos de produción poética de Manuel María. Deste modo, un mesmo libro conterá por forza poemas de diferentes repertorios e mesmo unha composición poderá ser encadrábel en máis dunha liña, tal e como sinala tamén o propio Mato Fondo (2011: 26):

De todos xeitos, sabemos que presentar isto en termos absolutos resulta reducionista, porque as correntes intimistas aparecen sen solución de continuidade desde os anos cincuenta, coexistindo coa poesía da angustia e a social, e ademáis, na propia obra do poeta todas estas liñas están entrelazadas.

Agás casos moi patentes de poemas que non encaixan na etiqueta que lle corresponder pola obra, consideraremos que os repertorios a que pertencen dependen do poemario en que foron publicados, adscribíndonos á clasificación de Mato Fondo. Cómpre indicarmos, do mesmo xeito, que a categoría “transición cara ao social”, formada polo libro *Mar Maior*, será problemática pola variedade de repertorios diferentes que abranxe. Por tanto, non a

consideraremos para a nosa análise senón que, pola contra, encadraremos os seus poemas un por un, tirando da nosa propia “leitura cercana” (Moretti, 2013) o repertorio a que pertencen.

Aliás, unha pequena cantidade de poemas incluídos nas antoloxías foron tirados de poemarios que Mato Fondo exclúe da súa análise por consideralos circunstanciais na produción poética do autor, polo que os encadraremos nunha categoría diferente ás de Mato Fondo –“Varios”- e achegaremos información xeral sobre os materiais que dominan neles. Por outra banda, non consideraremos significativa a oposición entre poesía de angustia e poesía intimista, ao acharmos que ambas as correntes temáticas manuelmarianas contan cun potencial canonizador moi similar, ao focaren as dúas o elo persoal do autor e deixaren nunha posición máis ou menos secundaria o resto de temas. A poesía infantil, de temática tamén variada, será levada en conta como unha categoría de seu polo seu potencial no ensino e na produción alargada, sexa cal for o repertorio con que puider identificarse (paisaxe ou social-patriotismo, nomeadamente).

Se ben na sección anterior organizamos cronoloxicamente o noso estudo, nesta comezaremos coas antoloxías máis curtas e mais por aquelas que atinxen conscientemente só unha parte da produción de Manuel María, isto é, a *Escolma de poemas de Manuel María* (2014) e *A esencia máis nosa. Poemas sobre a lingua galega* (2015). Seguiremos un criterio abranxente de clasificación, a comezarmos por estas dúas escolmas e a rematarmos polas antoloxías máis extensas.

Comezaremos pola *Escolma*, por ser esta obra a que abranxe unha produción máis reducida, ben como polo seu carácter de homenaxe e escaso público obxectivo. No tocante a esta antoloxía redixida polo CEIP Ponte dos Bruzos, os repertorios que aparecen cubertos son os esperábeis nunha obra cun público albo coma esta, ilustrada como xa mencionáramos por estudantes de primaria do centro. Así pois, non atopamos absolutamente ningún poema das

obras pertencentes ao ciclo temático da angustia, nin ao do intimismo, nin ao social-patriótico. Atopámonos, porén, unha esmagadora presenza de poesía infantil das obras *Os sonhos na gaiola* e *As rúas do vento ceibe*. Estes poemas posúen unha temática moi semellante á dos repertorios paisaxísticos do autor, e distínguense destes nomeadamente no público albo e nas cuestións formais (métrica popular, omnipresenza da rima, inspiración en cantares populares etc.). A produción poética das paisaxes iluminadas aparece representada, xa que logo, por 9 dos poemas que inclúe a antoloxía, sendo todos eles tirados de *Terra Chá*, se callar o poemario máis representativo do autor con esta temática. Cómpre engadirmos que, embora Manuel María trate o tema social-patriótico na súa poesía infantil –con diferentes matices a respecto do tratamento que recibe noutras obras-, o único poema infantil identificábel con este repertorio é “A fala”.

Concluímos que esta antoloxía abrangue unha parte moi concreta da produción poética do autor e deixa outras partes centrais na poesía do autor, como os repertorios social-patrióticos ou a poesía de corte amoroso ou intimista en xeral. O feito de non apareceren explicitados os criterios utilizados para esta selección de repertorios provoca que a imaxe que reflicte esta escolla de poemas é a de Manuel María como un poeta da paisaxe e do popular, con métrica basicamente asentada na literatura oral e un tratamento de Galiza como país rural e popular. Por tanto, estase a canonizar unha parte da produción poética do autor en canto outras se esquecen. Para tirarmos máis conclusións ao respecto, sería interesante a realización dun estudo, de natureza similar ao noso, sobre a presenza de composicións de Manuel María en materiais de ensino primario e secundario, ao ser o ensino unha ferramenta moi importante de canonización de materiais e produtores.

O segundo caso que referiremos é o da antoloxía *A esencia máis nosa* (2015), cuxa temática restrita, co foco exclusivamente en composicións que teñan a ver coa lingua galega, xa apuntamos na análise anterior. Do mesmo xeito que na antoloxía anterior, as conclusións que

deita a análise dos repertorios favorecidos é moi semellante á esperábel após a súa descrición cualitativa. O principal repertorio cuberto nesta escolma é o social-patriótico, con poemas de todo tipo en que a defensa do idioma como chave para a construción nacional é o tema principal. Así, o número de poemas de libros encadrábeis neste repertorio é de 17 sobre un total de 34. O resto de composicións tiradas de libros que son clasificados por Mato Fondo focan a paisaxe (4 composicións), a temática intimista (5 composicións) ou a infantil (2 composicións). A isto teremos que engadirlle outros 6 poemas que inserimos na categoría “Varios” por seren publicados en obras que non menciona Mato Fondo.

Con todo, convén levarmos en conta o feito de que, embora estas composicións fagan parte de libros xeralmente non considerábeis social-patrióticos (é o caso de “Ignorante Devesa: ti falas un castrapo”), moitos deles si conteñen potencial de denuncia social ou defensa da lingua. Así, estas composicións poden considerarse como excepcións social-patrióticas dentro da produción poética máis serodia do autor, xeralmente de carácter intimista ou das paisaxes e afastada do foco social de etapas anteriores, como o caso de “Dá noxo ollar os galegos”, tirado do poemario *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* de temática xeralmente paisaxista.

Outra característica desta antoloxía a salientarmos é a presenza de moitas composicións publicadas en poemarios decote menos valorados pola crítica literaria dentro da ampla produción de Manuel María, e que por tanto non están presentes na clasificación temática de Mato Fondo en que asentamos a nosa análise. Estas composicións seguen tamén a tendencia xeral da antoloxía cara aos repertorios social-patrióticos, con poemas como a “Canción do bilingüismo”, tirada do libro *A lúa vai encoberta* (1992) ou os dous poemas do libro *A Rosalía* (1971) dedicados á labor da poeta a prol da identidade lingüística da Galiza. Por tanto, podemos afirmar que, na realidade, a práctica totalidade de poemas que abrangue esta antoloxía redixida por Freixeiro Mato e a Fundación Manuel María é encadrábel na liña social-patriótica, mesmo recoñecéndonos nun mesmo poema tendencias aparentemente

contraditorias, como o intimismo persoal que se acaba identificando coa Patria en “Proverbio da desolación” (*Compendio de orballos e incertezas*). Atopámonos perante unha antoloxía focada cara ao campo da produción restrita, polo especializado dos repertorios cubertos e o cientifismo do ensaio fornecido; mesmo poderíamos afirmar que o público albo é aqueles sectores para os que o criterio identitario posúe unha importancia central, ou os que estean interesados na cuestión da normalización lingüística. Entón, o criterio de selección que subxace en *A esencia máis nosa* é identificábel co criterio de canonización baseado en sinalar o carácter nacional e nacionalitario da poesía de Manuel María.

Habería que destacar tamén, polo seu significativo potencial “polémico” para o consenso entre diferentes sectores a participaren no SLG a inclusión nesta antoloxía do poema “Responso por unha Academia”, de *Cantos rodados para aliados e colonizados*. Nun momento -1976- en que o enfrontamento entre a Academia e os axentes máis representativos do nacionalismo de esquerdas (entre o que xa sabemos que se atopaba o propio Manuel María) era máis marcado, o autor dedícalle este poema satírico á institución de que formaría parte menos de 20 anos despois. Cómpre entendermos esta crítica como parte da relación negativa na altura do poeta e do seu grupo coa Academia, de que xa presentara a súa baixa como correspondente un ano antes após ser nomeado para facer parte dela en 1968. O carácter agresivo deste poema-crítica é moi significativo, ben como o feito de o incluír na antoloxía un axente pertencente ao nacionalismo de esquerdas e que, mesmo na súa *Gramática da lingua galega*, amosa a súa desconformidade con certas escollas lingüísticas e ortográficas da Academia (Freixeiro Mato, 2002: 11) por aproximaren o galego ao seu referente histórico de oposición, no canto de o aproximaren ao referente de reintegración (Beramendi, 1991). No entanto, os poemas pertencentes á obra *A luz resuscitada* (1984), publicada inicialmente pola AGAL en galego reintegrado, son editadas segundo a NOMIG 2003, conforme a edicións posteriores do poemario. O propio Manuel María sinalou en varias ocasións o seu apoio cara

ao achegamento ortográfico ao portugués propugnado pola AGAL e outros sectores reintegracionistas, como nestas declaracións a Xosé Manuel del Caño en 1990:

Estou a favor [do reintegracionismo]. Non escribo en reintegrado, porque cando comezou este movemento eu xa era vello, son algo preguizoso, e teño uns hábitos de escritura de trinta anos. Pero gustaríame que se utilizase a grafía do portugués, conservando o noso propio idioma. (Del Caño, 2016: 119)

Por conseguinte, o tratamento dado á produción poética reintegracionista ou crítica coa oficialidade por parte dos antoloxizadores cuxas seleccións estamos a estudar será tamén significativo. A canonización duns repertorios poéticos concretos (e, por tanto, a exclusión doutros) está moi ligada, como xa viñemos probando, á súa inclusión en obras antolóxicas. Con todo, a produción poética de Manuel María focada na unidade lingüística galego-portuguesa é nula, polo que cómpre sinalar esta tendencia como un discurso ideolóxico do autor, que non levou á práctica na súa produción. Rematamos esta reflexión voltando a salientar o feito de o sector nacionalista que redixe *A esencia máis nosa* non excluír, como os outros antoloxizadores, o que se callar é o poema máis polémico do autor, nomeadamente no contexto da concesión do DLG a Manuel María pola Academia.

Continuamos a nosa análise coa antoloxía *Manuel María. Palabra viva de amor e afirmación* (2016) redixida por Queixas Zas e editada por La Voz de Galicia. Esta antoloxía, que inclúe tamén unha peza teatral breve, contén 54 poemas do autor. Como mencionamos na parte da análise cualitativa, a antoloxizadora salienta o carácter abranxente da obra do autor, e será a imaxe que reflecta esta breve antoloxía, cunha presenza dos diferentes repertorios moi similar. Así pois, das 54 composicións 6 son encadrábeis na liña da angustia e 10 na liña intimista, aos que lle temos que engadir os 5 poemas de *Mar Maior* escolmados, de clara tendencia persoal embora Mato Fondo clasificase este poemario como de “Transición cara ao social”. Pola súa banda, os poemas pertencentes aos repertorios social-patrióticos contan cunha presenza tamén

significativa, ao atopármonos con 9 exemplos na antoloxía. A poesía infantil tamén conta cunha grande presenza -5 composicións- considerando que pertencen soamente a dous poemarios. Da categoría “Paisaxes iluminadas” atopamos 13 composicións, en canto as 6 restantes encadrámolas na categoría “Varios” por non pertenceren a ningún dos libros clasificados por Mato Fondo.

Podemos tirar algunhas conclusións iniciais da organización desta escolma por repertorios, para alén do feito de reafirmar o dito pola antoloxizadora na Introducción, en que salienta a ampla produción poética de Manuel María e a súa abranxencia repertorial:

Unha obra das de maior entidade entre as publicadas na segunda metade do século XX, cuantitativa e cualitativamente. O carácter multitemático e a rica estilística de moitos dos títulos agardan por todos os públicos lectores con achegas que abranguen desde as visións íntimas de propostas recorrentes e universais –o amor, a morte, a nostalxia, a paisaxe, a metafísica, a relixiosidade, o ecoloxismo, a emigración, o humor- até as máis específicas e próximas que falan de nós da súa xente (...). (Queixas, 2016: 48)

Por tanto, trátase dunha obra breve con carácter divulgativo (velaí o equilibrio na repartición entre os diferentes liñas temáticas e mais a biografía incluída) ao autor polo Día das Letras, inserindo esta antoloxía nunha colección de La Voz de Galicia que sae do prelo todos os anos co gallo do DLG. A este respecto, podemos consideralo como máis un exemplar a facer parte de canonización máis oficial de Manuel María, co foco en toda a obra do autor e cun público albo alargado e non especializado. O criterio de selección que salienta pódese pór en correspondencia con aquel criterio de canonización baseado en valorizar a variedade temática da produción manuelmariana e a súa ampla extensión. O obxectivo é dar unha panorámica xeral da obra do autor homenaxeado, polo que tamén se inclúe unha pequena peza teatral para alén da escolma poética.

Fican agora por seren analizadas as dúas antoloxías de maior tamaño e de natureza máis abranxente: *Poemas escollidos* (2015) e *Antoloxía poética* (2016). Destas dúas comezaremos pola primeira, ao ser esta anterior cronoloxicamente. Atopámonos, máis unha vez, diante dunha antoloxía redixida pola Fundación Manuel María de Estudos Galegos, polo que, como xa mencionamos, o envolvido no proceso de canonización será, neste caso, o sector máis achegado ideolóxico e persoalmente ao autor. Trátase da antoloxía visibelmente máis longa, cun total de 191 composicións do autor escolmadas, algunhas delas cunha grande extensión (é o caso de “Aprendín no alfabeto das nubes vagabundas” de *Laio e clamor pola Bretaña*).

Cómpre precisarmos que a presenza de numerosos poemas de practicamente todas as obras poéticas do autor causou que, para a nosa análise numérica ser precisa, debamos limitala aos poemas tirados dos poemarios que Mato Fondo incorporou á súa clasificación, dando máis unha vez soamente unha imaxe xeral dos 44 poemas que encadramos na categoría “Varios” por ficaren fóra da análise de Mato Fondo. Este feito está moi ligado ao criterio abranxente de selección explicitado polo propio antoloxizador que xa discutimos, e ao feito de esta antoloxía ser a primeira en cubrir a totalidade da obra do autor. Xa que logo, ficamos cun total de 147 poemas. Con todo, convén sinalarmos o feito de que a grande maioría de composicións a faceren parte desta categoría de temática variábel corresponden a repertorios intimistas e paisaxistas (por exemplo o poema “Esta ausencia total é unha cárcel” de *Poemas da ausencia* ou o poema “A terra faise en ti” de *Os lonxes do solpor*. Da produción escolmada a empregarmos, 12 composicións pertencen á temática da angustia, 52 á intimista (5 deles de *Mar Maior*), 52 á paisaxista (2 deles de *Mar Maior*) e só 23 aos repertorios social-patrióticos. A isto debemos engadirlle 8 poemas tirados dos libros infantís.

Salienta o baixo número de poemas pertencentes a repertorios social-patrióticos de parte dun sector, o do nacionalismo de esquerdas, que tende a ser o maior defensor da súa incorporación ao canon, como viñemos vendo no “Estado da cuestión”. Mesmo atopamos algúns poemas

tirados de libros marcadamente social-patrióticos cunha forte carga intimista, o que os converte en excepcións que non son incorporadas a ningunha das outras antoloxías que nos atinxen (é o caso de “Sei o que vale un verso” ou “Se eu agora”, tirados de *Remol*). No entanto, a produción intimista de Manuel María, dominante após 1980, atopa unha grande cobertura, a destacarmos nomeadamente a presenza de 17 composicións tiradas de *A luz resucitada* e 12 de *As lúcidas lúas do outono*.

O obxectivo desta antoloxía, pois, non é o de canonizar Manuel María soamente como o “poeta nacional” (seguindo o criterio identitario) senón levalo para á centralidade do canon por medio do foco na estética das composicións e, máis outra vez, na abranxencia da súa produción. A antoloxía, redixida nun momento en que a dedicatoria do DLG era xa de dominio público, posúe un carácter “preventivo” de estratexia defensiva contra os posíbeis reducionismos derivados do paso dos repertorios manuelmarianos dunha parte (o nacionalismo de esquerdas) para o canon máis central e oficial do SLG coa dedicación do DLG. O grande foco na produción serodia do autor, nomeadamente paisaxista ou intimista (ou mesmo as dúas misturadas), ten a ver tamén co feito de o antoloxizador, como axente achegado no persoal ao poeta, ter interese en favorecer uns repertorios intimistas que lle tiren a Manuel María a etiqueta metonímica de poeta social-realista. A consecución do paso de Manuel María, en todo o seu conxunto produtivo, para a centralidade do canon galego polo seu propio grupo, por tanto, fica reflectido nesta antoloxía de Manuel López Foxo e a Fundación Manuel María. En suma, prevalece nesta antoloxía o criterio abranxente de canonización (focado especialmente sobre aqueles materiais do autor menos coñecidos) sobre o identitario, o que se reflicte nos repertorios escolmados.

Canto á *Antoloxía poética* preparada en 2016 por Darío Xohán Cabana e mais Amelia Outeiro Portela e editada por Galaxia, distínguese da anterior no seu carácter máis central no campo literario, por ser o antoloxizador un membro da RAG e por ser Galaxia a editora encargada da

publicación⁵. Cómpre sinalarmos que esta editora practicamente non contou con produción poética do autor entre as súas publicacións, limitándose até o momento de se lle outorgar o DLG a unha edición da obra *Mar Maior* no ano 1963 (Diadasletrasgalegas.galiciadigital.com, 2016). Como xa mencionamos na sección anterior, esta antoloxía distínguese na anterior na presenza dunha longa introdución á vida e obra do autor, o que lle brinda a este volume a oportunidade de exercer como un achegamento inicial á vida e obra do poeta (ao contrario de *Poemas escollidos*, que parte dun certo coñecemento del).

A antoloxía conta cun total de 87 composicións, a maior parte das cales están tiradas das obras máis editadas e estudadas do autor, e tamén daquelas que fan parte da clasificación de Mato Fondo que seguimos. O primeiro que cómpre sinalarmos é a ampla presenza de composicións da chamada etapa de angustia, cun total de 25 poemas. Este foco na obra temporá do autor é insólito entre as antoloxías que nos atinxen, e probabelmente poderá ser explicado polo gusto persoal dos antoloxizadores, a que o propio Xohán Cabana alude na introdución (Cabana, 2016: 46).

Alén diso, salienta unha significativa presenza dos materiais social-patrióticos, cun total de 24 composicións. Completan as composicións úteis para a nosa análise os repertorios da paisaxe, con 12 composicións; e os da poesía intimista, con 20 composicións. A poesía infantil, como menciona o propio antoloxizador (Cabana, 2016: 46), non foi tida en conta, ben como o que chama “liña localista” (2016: 46) e que nós, seguíndomos máis unha vez a Mato Fondo, encadramos na poesía paisaxista. As 6 composicións restantes, pertencentes a obras non analizadas por Mato Fondo, teñen unha temática moi variada, polo que presentan dificultades para as clasificarmos.

⁵ Para unha análise da traxectoria de Galaxia no campo galego vid. Tejero, 2015.

A ampla presenza dos repertorios social-patrióticos, ausentes durante os anos 70 das publicacións de Galaxia polo foco desta na produción que favorece a idea da arte pola arte, pódese explicar como parte dese proceso de consenso entre a oficialidade da Academia co nacionalismo de esquerdas a que viñemos facendo referencia ao longo do traballo (vid. Samartim, 2003). O propio Cabana, como Manuel María, tamén militou na esquerda nacionalista xa desde o tardofranquismo e tamén foi incorporado á Real Academia Galega no ano 2006. Por tanto, unha figura moi próxima ao autor foco deste traballo, con quen tamén partilla orixe chairega e algúns repertorios poéticos (comeza inseríndose no social-realismo con obras como *Home e terra* -1970- e desde os 80 muda cara a repertorios máis intimistas). A antoloxía serve como unha certa incorporación ao canon por parte da centralidade do campo dos materiais social-realistas, propugnados por este sector nacionalista e reflectido no trato a estas composicións manuelmarianas na antoloxía.

O paso de Manuel María do canon nacionalista ao canon oficial ten, pois, un perfecto exemplo nesta antoloxía, redixida directamente desde a editorial Galaxia e conformante dunha colección dedicada ás Letras. É, xa que logo, a antoloxía máis central entre as que forman o noso corpus, ao participar nela un axente –Xohán Cabana- pertencente ao sector nacionalista e membro da Academia. Os repertorios que abranxe son un reflexo daquilo que se quer canonizar desde a oficialidade de entre a produción de Manuel María. Obviamente, a antoloxía leva en conta tamén o criterio abranxente, con presenza de practicamente todos os temas do autor e explicitando os motivos (Cabana, 2016: 46) para non incluír os repertorios manuelmarianos ausentes.

En xeral, os criterios de selección dos materiais manuelmarianos a seren favorecidos por cada unha das antoloxías analizadas están intimamente relacionados cos que xa extraemos da bibliografía secundaria no “Estado da cuestión”. Levándonos en conta tamén o explicitado en limiares e introducións, podemos afirmar que o criterio maioritario de selección é o

abranxente, que cómpre relacionarmos tamén co foco no mercado alargado (nomeadamente no caso da *Antoloxía poética* de Galaxia) e coa necesidade de lexitimar o produto como algo suficiente para un achegamento á obra do autor. O criterio de selección baseado na variedade repertorial, necesariamente relacionado co abranxente, virou cara á centralidade coa noticia da atribución do DLG entre os sectores do nacionalismo de esquerdas (*Poemas escollidos*). Pola súa banda, o criterio de canonización baseado na valorización da identidade nacional continúa tamén a ser central entre estes axentes no eixo 2015-2016, como comprobamos coas seleccións de materiais de *A esencia máis nosa. Poemas sobre a lingua galega*. As seleccións e priorizacións de repertorios polo distintos axentes nas antoloxías directamente dependentes do DLG, apuntan cara a diferentes aproximacións ao proceso de canonización do poeta, nun contexto en que un axente que pertencía maioritariamente a un sector pasa a pertencer a todo o SLG.

Por tanto, agrupamos as antoloxías analizadas (deixádomos de lado a *Escolma de poemas de Manuel María*) segundo os axentes involucrados nelas: *A esencia máis nosa* e *Poemas escollidos* foron redixidas polo grupo do nacionalismo en 2015 e seguen polo xeral, respectivamente, o criterio identitario e abranxente; pola súa banda, *Antoloxía poética* correspóndese coa participación do grupo do nacionalismo no grupo máis central de Galaxia. Por fin, *Palabra viva de amor e afirmación* ocupa tamén unha posición máis central polo seu carácter homenaxeador, levando en conta fundamentalmente o criterio abranxente.

5. Conclusións

Partíndomos do coñecemento existente sobre o proceso de canonización de Manuel María desde o ano da súa morte até o 2016, podemos fornecer as seguintes conclusións. A primeira e máis obvia é que a produción antolóxica se concentra fundamentalmente no eixo 2015-2016, sexa quen for o encargado de redixilas. Do mesmo modo podemos concluír que identificamos fundamentalmente dous grupos diferenciados a interviren neste proceso. Un deles será o grupo do nacionalismo de esquerdas (tanto críticos como o profesor Freixeiro Mato e López Foxo canto asociacións como a AS-PG ou a Fundación Manuel María), cunha ampla produción secundaria sobre o autor xa desde comezos do período acoutado após o pasamento do poeta. Por outro lado, intervirán tamén os axentes máis identificábeis coa centralidade do SLG, isto é, a editorial Galaxia e mais a Real Academia Galega e todos os axentes que as integran, cuxo proceso de canonización de Manuel María se concentra significativamente no ano de outorgamento do DLG (aínda que cómpre sinalar que xa comezara coa entrada no poeta na Academia en 2003, e mesmo houbera tentativas de achegamento desde os anos 70).

O grupo do nacionalismo de esquerdas, que nun primeiro momento propugnaba maioritariamente o criterio identitario para o estudo da obra de Manuel María (o congreso *Manuel María: literatura e nación* de 2005 é o mellor exemplo que achegamos), pasou a lle dar importancia ao criterio abranxente coa idea de combater as posíbeis metonimias reduccionistas que puideren xurdir co gallo do DLG. Isto reflíctese necesariamente nas seleccións de materiais das dúas antoloxías tiradas do prelo por este grupo. Así pois, *A esencia máis nosa* continúa a enxalzar o carácter nacional da poesía do autor, en canto *Poemas escollidos* achega uns repertorios moito máis variados e co foco naqueles decote menos identificados co autor (intimismo, nomeadamente). As aspiracións deste grupo de pasar Manuel María dunha posición central entre eles a o converter en central para todo o SLG veranse cumpridas coa dedicación a este do DLG no presente ano.

Pola súa banda, os sectores da crítica máis ligada aos grupos centrais teñen tamén interese en levaren Manuel María para o centro do canon, do mesmo modo en que o tiñan en que o poeta chairego fixese parte da Academia xa desde finais dos anos 60. Esta institución e os axentes máis directamente relacionados con ela (nomeadamente Galaxia) procuraron sempre unha posición de equidistancia e centralidade no SLG, incorporando autores de todas as tendencias ideolóxicas ao canon. Dito isto, é significativo o feito de lle dedicaren o DLG a Manuel María (esquerda) após ser Filgueira Valverde (dereita) o homenaxeado o ano anterior para volver o ano próximo a llo outorgar a un produtor da súa contorna como Carlos Casares. Con esta pretendida equidistancia este sector reforza a súa posición central no campo de poder do SLG. O DLG, como xa viñemos suxerindo, provoca un impacto enorme en todo o SLG a respecto do produtor homenaxeado, atinxindo tamén a cantidade e as características das antoloxías que sobre el se publican. As conclusións deitadas por este traballo achamos que serven para reforzar esa idea.

Coidamos que tamén saen afianzadas deste traballo as teses propugnadas por Cebreiro e Sobrino (2003) e que presentamos na “Introdución” sobre a importancia capital das antoloxías no canon literario galego e no sistema en xeral. O feito de coincidiren case por completo os criterios de canonización identificados na bibliografía secundaria sobre Manuel María con aqueloutros criterios de selección a subxaceren nas antoloxías analizadas semella apuntar cara a súa importancia. Do mesmo modo, a considerábel concentración das antoloxías no eixo 2015-2016 e as referencias ao DLG por parte dos antoloxizadores reforzan, mais unha vez, esta íntima relación entre o canon galego e as escolmas poéticas.

No tocante a outras conclusións sobre o canon xeral galego, podemos afirmar, metonímizándonos no proceso de Manuel María, que tende cara á incorporación de produtores de todas os sectores conformantes do SLG. Con isto a Academia espera integrar todos estes sectores no consenso como veu facendo nas últimas dúas décadas co nacionalismo

de esquerdas. Fica fóra do canon o sector reintegracionista e os seus axentes máis importantes (a AGAL, fundamentalmente), a se oporen frontalmente ás teses lingüísticas da oficialidade.

Fica por estudar a presenza de materiais poéticos de Manuel María en antoloxías xerais da literatura galega, ao seren estas igual ou máis significativas do que as conformantes do noso corpus. Sería produtivo para probarmos se de certo sairía reforzada a idea de mudanza de posición no canon dos repertorios manuelmarianas ao confrontar as antoloxías antes e após o DLG, o que a día de hoxe resulta imposíbel por non saír aínda ningunha antoloxía xeral galega do prelo este ano (polo menos ningunha de que teñamos noticia). Outras posibilidades de ampliación que puideren xurdir inclúen tamén unha lectura máis “afastada” (Moretti, 2013) dos repertorios antolóxicos por medio de programas de software como o Iramuteq, ben como un estudo baseado na presenza dos materias poéticos de Manuel María no ensino secundario, para o que xa viñemos apuntando ao longo do traballo.

Bibliografía

- Bello Vázquez, Raquel (2011): “À forza de efemérides. O estudo da produción científica sobre a ilustración na Galiza”, en Helena Rebelo (coord.) *Lusofonia. Tempo de reciprocidades* Vol. 2. Porto: Edições Afrontamento.
- Beramendi, Justo (1991) . "EI Partido Galleguista y poco más", *Los nacionalismos en la España de la II República*, Beramendi, Justo e Maiz, Ramón (eds.). Madrid, Siglo XXI.
- Bloom, Harold (1994): “An Elegy for the Canon”, en *The Western Canon*. Nova Iorq: Harcourt Brace & Company. 15-41.
- Bourdieu, Pierre (1993). *The Field of Cultural Production*. London: Polity Press.
- Cabana, Darío Xohán (2006): *De Manuel María a Ferrín: a grande xeración. Discurso lido o día 22 de abril de 2006, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Darío Xohán Cabana Yanes e resposta do Excelentísimo Señor don Xosé Luís Méndez Ferrín*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Cabana, Darío Xohán (2016): “Limiar”, en Xosé Manuel del Caño (ed.), *Conversas con Manuel María*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Cabana, Darío Xohan (2016): “Introdución”, en *Antoloxía poética*. 9-50. Vigo: Galaxia.
- Casamuseomanuelmaria.gal. (2016): Manuel María > Biografía - Fundación Manuel María de Estudos Galegos. [online] Disponível en: <http://www.casamuseomanuelmaria.gal/estaticas/7.htm> [Acceso 4 xull. 2016].
- Del Caño, Xosé Manuel (2016): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Nova Galicia Edicións.

- Diadasletrasgalegas.galiciadigital.com (2016): Manuel María Fernández Teixeira (Manuel María) - Homenaxeado 2016 | Día das Letras Galegas [online]: http://diadasletrasgalegas.galiciadigital.com/homenaxeado/manuel-mar-fern-ndez-teixeiro-manuel-mar_2016 [Acceso 11 Xul. 2016].
- Even-Zohar, Itamar (1979): "Polysystem Theory", en *Poetics Today* 1 (1-2, outono). 287–310.
- Even-Zohar, Itamar (1990). "Polysystem Theory", *Poetics Today*, 11: 27-96.
- Fernández Teixeira, Manuel María (2014): *Escolma de poemas*. Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIO Ponte dos Brozos. Accesíbel en <http://es.calameo.com/read/00240721020c80a9166bc>.
- Fowler, Alastair (1979): "Genre and the Literary Canon", en *New Literary History*, vol. 11, no. 1. The Johns Hopkins University Press. 97-119.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1997): *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2007): *Cucou o cuco cuqueiro : lingua e estilo na obra de Manuel María*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): *Lingua de calidade : vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2015): "Introdución", en *A esencia mais nosa. Poemas sobre a Lingua Galega*. 7-48. Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (2009): “Nota inicial”, en *Actas do Congreso ‘Manuel María: literatura e nación’ (A Coruña, 3-5 de novembro de 2005)*. A Coruña: UDC e AS-PG.

Gómez Torres, Camilo (1980): “Limiar”, en *Versos de trinta outonos*. Santiago de Compostela: Xistral.

Gómez Torres, Camilo (1996): “Manuel María e o seu tempo”, en *Historia da literatura galega. Volume 4*. Vigo: AS-PG/A Nosa Terra.

González-Millán, Xoán (1994): *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*. Vigo: Xerais.

González-Millán, Xoán (1999): “¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional? Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega (1999)*”, en *Anuario de estudios literarios galegos*. 135-147.

Harris, Wendell V. (1998): “La canonicidad”, en Harold Bloom et al. (eds.), *El canon literario*. Madrid: Arco. 37-60. Trad. esp. Ariadna Esteve Miranda.

Kermode, Frank (1998): “El control institucional de la interpretación”, en *El canon literario*. Madrid: Arco Libros.

López Foxo, Manuel (2015): “A poesía de Manuel María: o país, sempre o país, e tamén unha viaxe cara a dentro”, en *Poemas escollidos*. 7-9. Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

Martínez Tejero, Cristina (2015): “A construción do coñecemento sobre Galaxia no campo dos estudos galegos: primeiras achegas”, en Castro, O e M. García Liñeira (eds.)

Trama e urda. Contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Mato Fondo, Miguel A. (2011): *Señardade da luz (A obra poética de Manuel María)*. A Coruña: Agrupación Cultural Alexandre Bóveda.

Mignolo, Walter (1991): “Canons A(nd)Cross-Cultural Boundaries (Or, Whose Canon are We Talking about?)”, en *Poetics Today* Vol. 12, No 1. Duke University Press. 1-28.

Moretti, Franco (2013): *Distant reading*. London: Verso.

Mujica, Barbara (1997): “Teaching Literature: Canon, Controversy, and the Literary Anthology”, en *Hispania* Vol. 80, No. 2. 203-215.

Queixas Zas, Mercedes (2016): “Introdución”, en *Manuel María. Palabra viva de amor e afirmación*. 7-49. A Coruña: La Voz de Galicia.

Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.

Rábade Vilar, M. do Cebreiro e Iria Sobrino (2003): “O manifesto e a antoloxía como discursos de intervención no sistema literario galego (1975-2000)”, en *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* (2003): 60-65.

Rodríguez Fer, Claudio (1989): *Poesía galega: crítica e metodoloxía*. Xerais.

Rodríguez, Francisco (1996), “Definición, características e periodización da literatura galega”, en Alberte Ansedo Estraviz & Cesario Sánchez Iglesias (eds.), *Historia da Literatura Galega*. Vigo: ASPG/ANT Vol. 1. 5-32

- Rodríguez, Francisco (2009): “Dinámica histórica da Galiza e evolución poética en Manuel María”, en García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (eds.), *Actas do Congreso ‘Manuel María: literatura e nación’ (A Coruña, 3-5 de novembro de 2005)*. A Coruña: UDC e AS-PG.
- Samartim, Roberto López-Iglésias (2003). “O Día das Letras no sistema literario galego. O camiño para o reconhecemento da autoridade da Academia”. *Forum*: 33, 59-69.
- Samartim, Roberto López-Iglésias (2009): “Criterios canonizadores num sistema literario deficitario (o caso galego para 1974 1978)”, en *Veredas* 12, 81-106.
- Torres Feijó, Elias J. (2004): “Contributos sobre o obxecto de estudo e metodoloxía sistémica. Sistemas literarios e literaturas nacionais”, en Anxo Tarrío Varela e Anxo Abuín González (eds.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica*. Santiago de Compostela: UDC. 419-440.

Anexos⁶

⁶ O índice de *Escolma de poemas de Manuel María* non é fornecido por estar dispoñíbel para a súa consulta mais non para o descargar. Así pois, pódese acceder a el mediante o seguinte enderezo web: <http://es.calameo.com/read/00240721020c80a9166bc>